

**Resolución do 14 de novembro de 2011 pola que se fai público o resultado do proceso de selección da convocatoria para subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia correspondentes ao período 2010.**

Por resolución do 23 de maio de 2011 aprobáronse as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas cp Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e convocáronse as correspondentes ao período 2011-2012 (DOG nº 112, do 13 de xuño de 2011).

A dotación orzamentaria é a seguinte:

Medida	Anualidade 2011	Anualidade 2012	Total
313	48.000	484.190	532.190
321.10	220.000	2.763.609	2.983.609
321.20	1.552.731	0	1.552.731
321.42	496.948	0	496.948
323	33.600	400.922	434.522
<b>Total</b>	<b>2.351.279</b>	<b>3.648.721</b>	<b>6.000.000</b>

Dita dotación veuse incrementada na medida 321.20 con 58.379,14 € procedentes do remanente dispoñible na dita medida. Igualmente, procedeuse a redistribuir 47.308,40 € da medida 321.10 na 323.

O artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 xuño de subvencións de Galicia dispón que o órgano concedente publicará no diario oficial correspondente as subvencións concedidas.

Pola súa banda, o artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas, esixe publicar na páxina web a concesión das subvencións.

De acordo co anterior,

**RESOLVO:**

Facer público no Diario Oficial de Galicia e na páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>, o resultado do proceso de concesión das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para o período 2011-2012, convocadas por Resolución do 23 de maio de 2011.



Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2011

Antonio Crespo Iglesias

Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

MEDIDA - 313						
Código expdte.	Denominación	Solicitante	Orzamento aceptado	Puntuación	% axuda	Importe axuda
D11-31300-0045	Acondicionamento do	Asoc. Emp. e	244575,65	56	64	156528,42